



Secretaría FGTM  
R/ Pontevedra nº 5 – 2º B  
36630 – Cambados  
Tel/Fax: 986 54 22 86  
Móvil: 686.58.76.39  
Web: [www.ftm.net](http://www.ftm.net)  
E-Mail: [carlosalonso@icapontevedra.es](mailto:carlosalonso@icapontevedra.es)  
CIF: G15149453

## **CIRCULAR Nº 2 TEMPADA 2007/2008**

### **TRAMITACIÓN DE LICENZAS**

A tramitación de licenzas expedidas pola Federación Española efectuarase a través da Federación Galega de Tenis de Mesa. O período de validez das mesmas é dende o 01 de Setembro de 2007, ata o 31 de Agosto de 2008.

Calquera Delegado, Adestrador, Xogador ou Árbitro que desexe exercer-la súa actividade durante a tempada 2007/2008 deberá tramita-la licenza correspondente.

Cada equipo participante en calquera liga ten que tramitar, como mínimo, as seguintes licenzas (por cada equipo):

- ◆ 1 delegado de club.
- ◆ 1 delegado de campo. (Un delegado de campo por cada local de xogo en que xogue o club)
- ◆ 1 adestrador. (Un club poderá ter un só adestrador para todos os seus equipos)
- ◆ 5 xogadores.

A documentación que se cita a continuación deberá ser remitida á Federación Galega:

1. Impreso de solicitude de licenzas, oficial da Real Federación Española de Tenis de Mesa, coa relación de xogadores, adestrador e delegados, debendo ser firmado por cada un deles. Para poder tramita-la Mutualidade Xeral Deportiva, é imprescindible que se un xogador non ten D.N.I., se faga figurar o do pai, nai ou titor, antepoñendo unha P diante do número.

2. Fotocopia do impreso de Transferencia Bancaria, a nome da FGTM, (Banco Simeón, en Vilagarcía de Arousa, C.C./0130/3007/70/0108038102), polo importe correspondente das licenzas tramitadas, segundo os prezos que se indican mais abaixo.

3. DNI das persoas que tramiten licencia por primeira vez (ou Libro de Familia)

**Non se tramitará ningunha licenza se non se xunta copia da Transferencia Bancaria.**

Non se tramitará ningunha licencia a aqueles clubes que teñan débedas económicas ou sancións pendentes coa FGTM.

### **IMPRESOS DE SOLICITUDE DE LICENZAS**

- Os impresos de solicitude de licenzas deberán ser cubertos con letra clara e lexible, sen tachaduras e deberán ser remitidos coas firmas orixinais (non son válidas fotocopias, nin fax). Para equipos participantes en ligas nacionais existirán impresos de renovación de licenzas que remitirá a RFETM no seu momento.
- No caso de Ligas organizadas pola RFETM e a 2ª División Nacional Feminina cubrirase un impreso para cada equipo no que deberán figurar: delegado, delegado de campo, adestrador (un por club) e, como mínimo, 5 xogadores.
- No caso da Terceira División Nacional Masculina deberá cubrirse un só impreso para todos os equipos dun club que pertencen a esta categoría (Ligas de Primeira, Segunda e Terceira Galega), no que figurarán tódolos xogadores dos equipos participantes nestas ligas (como mínimo 5 xogadores por cada equipo), delegado, delegado de campo e adestrador (un por club).



Secretaría FGTM  
R/ Pontevedra nº 5 – 2º B  
36630 – Cambados  
Tel/Fax: 986 54 22 86  
Móvil: 686.58.76.39  
Web: [www.fgfm.net](http://www.fgfm.net)  
E-Mail: [carlosalonso@icapontevedra.es](mailto:carlosalonso@icapontevedra.es)  
CIF: G15149453

### **PRAZOS DE SOLICITUDE**

A solicitude de tramitación de licencias para xogadores participantes en ligas rematará 7 días antes do comezo das ligas (1º prazo). Abrirase un 2º prazo 20 días antes do comezo da 2ª volta que rematará tamén 7 días antes da mesma. Os xogadores que tramiten licencia neste 2º prazo só poderán xogar a partir da primeira xornada da 2ª volta.

Abrirase un prazo excepcional para xogadores de 3ª División Nacional Masculina e 2ª División Nacional Feminina dende o 10 ó 30 de Abril de 2008.

Mais información sobre estes temas nas paxinas [www.rfetm.com](http://www.rfetm.com) e [www.fgfm.net](http://www.fgfm.net)

### **CATEGORÍAS DOS XOGADORES**

Veteráns: Os nados antes do 01/01/1960

Sénior: Os nados entre o 01/01/1969 e o 31/12/1986 (incluídos)

Sub21: Os nados entre o 01/01/1987 e o 31/12/1989 (incluídos)

Xuvenil: Os nados entre o 01/01/1990 e o 31/12/1991 (incluídos)

Cadete/Xuvenil: Os nados entre o 01/01/1992 e o 31/12/1992 (incluídos)

Infantil/Cadete: Os nados entre o 01/01/1993 e o 31/12/1993 (incluídos)

Infantil: Os nados entre o 01/01/1994 e o 31/12/1994 (incluídos)

Alevín: Os nados entre o 01/01/1995 e o 31/12/1996 (incluídos)

Benxamín: Os nados a partir do 01/01/1997 (incluído)

### **PREZOS DE LICENZAS**

Superdivisión Masculina: 46 €

Superdivisión Feminina: 43 €

División de Honra Masculina: 39 €

Primeira División Masculina: 30 €

Primeira División Feminina: 28 €

Segunda División Masculina: 28 €

Segunda División Feminina: 24 €

Terceira División Nacional Masculina (1ª e 2ª División Galega): 24 €

Terceira División Nacional Masculina (3ª División Galega): 20 €

Delegados: 33 €

Árbitros de Primeiro Nivel: 42 €

Árbitros de Segundo Nivel: 44 €

Árbitros de Terceiro Nivel e Xuíz Arbitro Nacional: 52 €

Árbitro Internacional: 62 €

Adestradores de Primeiro Nivel: 42 €

Adestradores de Segundo Nivel: 44 €

Adestradores de Terceiro Nivel: 52 €

### **DEREITOS DE AFILIACIÓN DE EQUIPOS**

Terceira División Nacional Masculina e Segunda División Nacional Feminina: 52 €/equipo

- En Terceira División Nacional Masculina pagaranse 52 € por tódolos equipos que o club teña nesta categoría (incluíndo 1ª, 2ª e 3ª División Galega).

Cambados, 30 de xullo de 2007

Carlos Alonso Piñeiro  
Secretario FGTM